

PEZA DO MES

decembro

2006



ESCUDO DE ARMAS
DO BISPO ZÚÑIGA-SOUTOMAIOR



DETALLE DA POLICROMÍA

ESCUDO DO BISPO ZUÑIGA-SOUTOMAIOR

Escudo de armas
do bispo D. Diego de Zuñiga Soutomaior
Museo Arqueolóxico de Ourense
Granito con restos de pintura
R° n° 177
Entre 1631 e 1633.

En 1934 ingresou nas coleccións do Museo, procedente do Palacio Episcopal de Ourense, por doazón do Concello da Cidade un bloque de granito que nunha das súas caras mostraba un escudo de armas do bispo don Diego de Zuñiga Soutomaior, acuartelado: 1º, de prata, barra de ouro e, brochante ao todo, cadea de oito elos de sable; 2º, de sinople, cinco veneras de prata en aspa; 3º, de azur, león de ouro rampante e coroadado; 4, de ouro, tres faixas xaqueladas de ouro e goles, de catro ordes, cargada cada unha dun cingudeiro de sable, superado dun capelo de sinople e, saíndo do seu forro, dous cordóns que forman dobre lazada sobre o ancho do escudo e descende por ámbolos dous lados, rematando cadanseu nun entrelazado de seis borlas colocadas 1, 2, e 3. Conservaba aínda restos da pintura orixinaria.

Fr. Xoán Muñoz de la Cueva danos una biografía sinxela do bispo titular das armas: “Naceu neste Reino [de Galicia], sobriño de Fr. Antonio de Soutomaior, confesor del Rei Filipe Cuarto e Inquisidor Xeral. Foi cóengo en Santiago: tomou posesión deste bispado e Igrexa a dezaseis de agosto de mil setecentos trinta e un, e aínda que a gobernou pouco tempo, deu mostra de bo prelado. Foi promovido a bispo de Zamora, pero a brevidade da súa vida deixounos poucas noticias xa que morreu no ano de mil seiscentos trinta e tres”. E poucos datos máis aporta Fernández Alonso pero sabemos, como relata Aquilino G. Santiso no seu libro sobre a heráldica dos bispo de Tui, que era fillo de Rodrigo de Sequeiros, señor da casa de Santo Tomé de Freixeiro, Cabaleiro de Santiago e Alcaide Maior de Tui, e de Magdalena de Acevedo, que naceu polo 1564, e que o seu corpo foi sepultado, logo de morrer en Madrid o 11 de novembro de 1634, no convento de San Domingos de Tui, onde se conserva o seu túmulo e no que fundara pouco antes, o 12 de xuño, un padroado por encargo dos seus tíos, Fr. Antonio de Soutomaior, patriarca de Damasco, morto en 1638, e Fr. Francisco de Soutomaior, arcebispo de Charcas, que finara en 1629.

Non coñecemos o lugar exacto de aparición desta peza, pero, sen dúbida, a presenza deste brasón seu no edificio do pazo episcopal, que hoxe é Museo, evidencia a realización dalgunha obra de certo interese durante o seu mandado, sen que podamos precisala agora mesmo, pese ao estado do coñecemento sobre as reformas deste edificio singular feito que abre un reto na súa procura e documentación. En principio, cabe pensar que formaba parte dos muros derrubados fronte ao edificio da Cárcere Episcopal, na actual rúa de Bispo Carrascosa.

Examinemos agora os seus brasóns. O primeiro cuartel: de prata, unha banda de sable e brochante sobre o todo unha cadea de oito elos de ouro, corresponde ás armas dos Zuñiga curiosamente aquí modificados, xa que a banda non é tal senón barra ou contrabanda e os esmaltes parecen cambiados na presentación, pois a barra é de ouro e a cadea de sable, a vulgar polos restos de pintura conservados. A pesar das variantes, a súa presenza corresponde coas armas do seu orixe familiar, do mesmo que o último cuartel, que corresponde ás armas dos Soutomaior, nunha das súas variantes habituais como sinala Fariña Couto no “Libro da heráldica galega”.

O segundo é unha representación particular, de raiña xacobeá: de sinople, cinco veneras prata en aspa, armas dos Sequeiros, como di G. Santiso tamén cos esmaltes variados, ou tributo ao Cabido no que

era cóengo no momento da súa elección episcopal. As veneras ou “coquilles” figuran xa na heráldica francesa e inglesa no século XIII, están en relación coa peregrinación xacobeá; e neste sentido é revelador o feito de que os pazos navarros que as traen nos seus escudos están situados no tramo principal do camiño de Santiago, como lembra Faustino Menéndez Pidal, e son habituais nesta disposición, xa que así figuran nas armas dos Pimentel e dos Condes de Benavente, mesmo coas características dos esmaltes.

O terceiro é o respecto obrigado ao Rei que o propón, incluíndo o león nas súas armas, aínda que G. Santiso di que son dos Silva, ao describir as armas que aparecen en Santa Domingos de Tui, en dous bloques, que deberon ser os soportes da súa tumba, tal e como están hoxe, no novo emprazamento que se lle fixo, seguindo a descrición que fai cos esmaltes que lle atribúe Crespo Pozo e que non coinciden cos restos das pinturas conservados nesta peza do Museo de Ourense como se dixo, xa que describe aqueles como: en campo de azul, cinco veneras de ouro, que é Sequeiros; en campo de prata, banda de sable resaltada dunha cadea de ouro, Zuñiga; terceiro de prata, tres faixas xaqueladas de ouro e goles, separada cada dúas dun cinxidor de sable, Soutomaior, e cuarto, de prata, león rampante de goles coroado de ouro, Silva.

Configurase deste xeito un escudo episcopal que segue o procedemento habitual da creación do brasón dos bispos, sobre todo dende o século XV pois, con anterioridade, pouco se diferencian as armas dun bispo das de calquera outro, xa que non se segue outra norma que a xeral, pero co paso do tempo vanse introducindo na práctica algúns elementos específicos, sexa no timbre, sexa nos ornamentos externos e mesmo no establecemento da súa conformación.

En liñas xerais pódese dicir que, como vai dito, as armas dos dignitarios eclesiásticos corresponden ás do seu grupo familiar, pero pronto combinan as súas propias armas, en xeral colocadas en segundo lugar, coas do seu bispado, orde ou mosteiro, ben en dous escudos, nun escudo partido ou acuartelado. Tamén é habitual ver a combinación das armas maternas a continuación das paternas, e cando, como é habitual en España, se trata dun escudo acuartelado unha referencia dobre, á súa Igrexa (diocese propia ou a de orixe) e ao Rei, sendo tamén moi empregada a referencia ao Colexio Maior no que realizou os seus estudos eclesiásticos. Agora ben, sucede tamén frecuencia que non contando cun brasón propio, o electo o defina no momento inmediato á súa designación.

Polo que atinxe ao timbre ou aos elementos externos podemos ver como se foron conformando co tempo. Así a tiara papal, que foi modificando co tempo a súa

forma ata acadar a actual e tradicional no século XVI; as mitras ou os capelos –sombreiro de ala ancha e copa baixa–, que parecen ter a súa orixe na heráldica italiana do s.XIV, s aos que pronto se engaden os cordóns co seu remate en borlas, dos que o número foi variable e sen relevancia pero que se foi gradualmente acomodando do xeito seguinte: Cardeais, capelo vermello e 30 borlas, 15 de cada lado en cinco filas: 1, 2, 3, 4 e 5. Patriarcas, arcebispos e bispo, capelo de sinople (verde) –novidade que parece nacida en España e que se estendeu a Europa no século XV– e borlas: 30 para o Patriarca, 20 para o arcebispo e 12 para o bispo, dispostas simetricamente aos lados do escudo, aínda que o protocolo dista de ser constante, mesmo na actualidade, pese a regulamentación feita pola santa Sede en 1832, recollendo a xerarquía establecida por Vulso de la Colombière no século XVII.

No tempo histórico, e en Ourense, pódense ver as diferenzas no contraste que ofrece o noso escudo con outras armas episcopais documentadas no propio edificio, sexan as do bispo don Pedro González de Acevedo dúas cabras empinadas nun árbore; en xefe, de goles unha cruz patada de prata, de 1595, onde o escudo, con outra forma, aparece sumada do cápelo, do forro do que saen dous cordóns que, logo de facer sendas lazadas nos ángulos do escudo, descenden a cadanseu lado cun entrelazado de dez borlas colocadas 1, 2, 3 e 4 –situado na fachada sobre a rúa do Bispo Carrascosa–; ou as nove borlas (1, 2, 3, 3) que rematan os cordóns que saen da cruz que timbra o escudo por baixo do capelo das armas en pedra de don Xoán Manrique de Lara: acuartelado, 1º e 4º de prata, dúas caldeiras, en pao, xaqueladas de ouro e sable, con doce serpes nos extremos das asas, e 2º e 3º acuartelados de Castela (de goles, castelo de ouro) e León (de ouro, león de morado) con escudete sobreposto de León que se conserva na galería do primeiro andar sobre o xardín. Esa situación é reveladora dos progresos normalizadores que na heráldica hispánica, pero tamén na doutros países europeos, se produciu nos séculos XVII e XVIII, etapa na que se formulou unha teoría heráldica xeral ata ese momento moi flexible.

Outro elemento externo do escudo tamén propio da heráldica eclesiástica é a cruz, procesional, inicialmente propia dos arcebispos, pero que xa usan os bispos no século XVI e se xeneraliza no século XIX. E ao seu carón o báculo, que como a cruz se poñen inicialmente en pao tras do escudo e logo pasan a adaptarse, complementándose, dispostos en aspa. Noutras ocasións aparece tamén unha mitra, vista de fronte e coas súas ínfulas.



O XARDÍN E O EDIFICIO ANTES DA REFORMA DE 1960



PATIO DIANTEIRO TRALA REFORMA DE 1960



FACHADA DO EDIFICIO Á PRAZA MAIOR

HISTORIA DO MUSEO

No ano 1895, a Comisión Provincial de Monumentos Históricos e Artísticos de Ourense decidiu crear un Museo Arqueolóxico Provincial no que se puidesen conservar tódalas testemuñas do pasado histórico da provincia e onde se puidesen reunir os dispersos tesouros que formaron parte do Museo de Pinturas, que a propia Comisión establecera en 1845 e que funcionou como tal ata 1852. O Museo abriu ao público o ano seguinte, en 1896. En pouco tempo as coleccións creceron considerablemente e fíxose necesario un espazo máis amplo, dando lugar aos primeiros traslados, que por sucesivas desgrazas non remataron ata o ano 1951. Neste ano adquiriuse a súa actual sede, o edificio que desde o século XII fora Palacio Episcopal.

O EDIFICIO

O edificio onde ten a súa sede o Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, adquirido para este fin en 1951, foi con anterioridade Palacio Episcopal. Edificado no primeiro tercio do século XII polo bispo don Diego II (1100-1132), conserva parte do seu núcleo orixinal. A construción deste núcleo prolongouse ata o episcopado de D. Lorenzo (1218-1248), ao que se lle foron engadindo elementos góticos (torre de Santa María), renacentistas (soportais do xardín) e barrocos (portada, patio dianteiro), conformando un monumento singular, que mereceu a declaración de monumento histórico-artístico por Decreto do 3 de xuño de 1931. Durante toda a Idade Media desempeñou un papel destacado na organización urbana.

HORARIO DO MUSEO

Exposición ao público temporalmente pechada, por obras de reforma e acondicionamento.

Ubicación provisional dos servizos en rúa Xilgaros s/n.
32002- Ourense

Visite a nosa páxina.

<http://www.xunta.es/conselle/cultura/patrimonio/museos/mapour>

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico.

TEXTO: Francisco Fariña Busto

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río.

MAQUETA: Araceli Gallego. IMPRIME: A.G. Vicus, S.A.L.

ISSN: 1579-9956

Depósito Legal: Vg-97-2004

Museo Ruixc



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE